

## A poesía galega de Curros Enríquez: tres achegamentos

**Xesús Alonso Montero**

### **Formas de citación recomendadas**

#### **1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2008]). “A poesía galega de Curros Enríquez: tres achegamentos”. *Casa da Gramática*: 31. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/610>>.

#### **2 | Por referencia á publicación orixinal**

ALONSO MONTERO, XESÚS (2008). “A poesía galega de Curros Enríquez: tres achegamentos”. *Casa da Gramática*: 31.

\* Edición dispoñíbel desde o 13 de abril de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

---

# A poesía galega de Curros Enríquez: tres achegamentos

Xesús Alonso Montero

## 1.- Etopea e biografía (coa Igrexa Católica ó fondo)

Manuel Curros Enríquez naceu en Celanova o 15 de setembro de 1851, un día antes de Emilia Pardo Bazán, escritora á que admirou e, logo, chegou a detestar. Naceu Curros á sombra do mosteiro de San Rosendo e viviu as súas primeiras experiencias nun fogar rexido por un pai déspota, escribían de profesión e home moi severo de condición. Neno aínda, ós quince anos, Curros foxe da casa para sempre, aquel fogar onde tanto sufrira a súa nai, a “mártir escura” que el inmortalizou nunha maxistral elexía:

*Nai, ¡ adorada nai ! mártir escura,  
branca pombiña, arruladora e tenra,  
¡ai!, si souperas cómo me deixabas  
non te morreras.*

A señora Petra Enríquez morrera o 10 de marzo de 1880. Curros, que vai cumprir 29 anos, evoca no poema a doce e tenra condición da súa nai, virtudes das que se beneficiou de neno naquel fogar tan autoritario e severo. Pese á nai, foi un neno triste, se é que acertou no diagnóstico Celso Emilio Ferreiro, poeta e biógrafo do noso escritor:

*En Celanova había un neno triste  
cun fondo río de orfandá no peito*

Sen dúbida non escasean no mundo poetas nados á sombra de mosteiros pétreos en tempos de exiguas liberdades e poetas educados coa pedagogía da dureza na súa infancia, pero hai moi poucos poetas no mundo que teñen sido tan severos coa dureza de todos os despotismos e cos abusos -e algúns usos- da Igrexa Católica.

En Madrid asiste Curros, afervorado, á proclamación da I República (11 de febreiro de 1873), e, desde esa data, escribirá páxinas e páxinas, en prosa e en verso, en favor das ideas republicanas, da relixión do Progreso e das excelencias do réxime democrático. Dous anos antes de morrer, recordaba, nun memorable artigo (*El aniversario*), aquela inesquecible experiencia xuvenil:

*Cansado de gritar, ... ebrio de dicha y contento,  
abriéndome a codazos camino por entre las  
apretadas filas populares, pude abandonar el  
edificio [Congreso dos Deputados] para dirigirme a  
mi casa, que estaba en uno de los barrios entonces  
más apartados del centro de la capital. Agitados  
todos mis nervios, emocionadísimo, secándome las  
primeras y únicas lágrimas de alegría que han  
brotado de mis ojos; orgulloso de haber asistido a  
aquella proclamación, soñando para España un  
porvenir que aún no ha llegado, bajé por la calle de  
Alcalá... (1)*

Xa é un tópico sinalar que a súa musa (a súa musa de poeta e a de xornalista) estivo sempre ó servizo dos que sofren a historia, se ben cómpre aclarar que non foi, no século de Marx e de Bakunin, un revolucionario. Foi, porén, o poeta do proletariado rural, o poeta dos “ilotas” galegos, vítimas do foro, do cacique, dos trabucos e da “cregaxe” (como diría Leiras Pulpeiro algo despois). Con razón o poeta finaliza *O maio* con este rogo:

*Cantádeme un maio  
sin bruxas nin demos;  
un maio sin segas*

usuras nin preitos,  
sin quintas nin portas,  
nin foros, nin cregos.

Demócrata e progresista convencido en grado superlativo, hai en Curros, en non poucas ocasións, un fondo e un xesto que lle vén, en parte, da abafante atmosfera familiar. Home de fondas conviccións e lealdades, a vida non lle foi, ás veces, doada, e nesas dificultades foise forxando nel un carácter severo, cheo de orgullo e meticuloso.

Na súa biografía de home e de escritor hai un acontecemento que o marcará grandemente: a persecución e prohibición de que foi obxecto o seu primeiro libro de poemas, *Aires da miña terra* (1880) por parte do poder eclesiástico e máis do civil. Foi, porén, un “affaire” do que o poeta se beneficiou notablemente: o seu nome e o libro difundíronse por mares nunca antes navegados.

Foi a Igrexa Católica, tan hostil ó libro, quen, paradoxalmente, o promocionou. O 28 de xuño de 1880 Cesáreo Rodrigo, bispo de Ourense, publica no *Boletín Eclesiástico* un edicto do que ofrecemos dous parágrafos:

*a)...habiéndosenos denunciado un libro escrito por M. Curros Enríquez con el título Aires d'a miña terra, que acaba de publicarse en esta ciudad, dispusimos fuese examinado por tres teólogos de notoria ciencia; y resultando que, según su dictamen, contiene dicho libro proposiciones heréticas, blasfemas, escandalosas y algunas que merecen otra censura; Nós, en virtud de nuestra autoridad ordinaria y de la especial que tenemos delegada de la Santa Sede Apostólica, reprobamos y condenamos el expresado libro, y estrictamente prohibimos su lectura y retención a todos nuestros diocesanos, y les mandamos que, si tuvieran ejemplares de él, los entreguen en nuestra secretaría de cámara o a sus respectivos párrocos o confesores...*

*b) y a fin de que nuestros amados diocesanos estén prevenidos y dóciles a nuestra voz, como lo esperamos, se abstengan de tomar en sus manos el expresado libro, ordenamos que este nuestro edicto sea leído al ofertorio de la misa popular en todas las iglesias parroquiales y de anejos el primer día de fiesta despues de su recibo.*

Días despois, centos de sacerdotes da diocese de Ourense fixeron saber a miles e miles de fregueses que era pecado ler ou reter aquel libro de poemas. Ningunha institución en España, daquela, posuía un aparato de propaganda tan poderoso e, xeralmente, tan eficaz. O poder, porén, neste caso, non foi total. De feito, a prédica dos párrocos desde certos púlpitos, lonxe de retraer ós fregueses, aguilloou de tal xeito a súa curiosidade que trataron de conseguir exemplares, aínda ás escondidas, do libro vitando.

Como consecuencia do edicto, leron o libro centos de persoas que nunca leran poesía ou que nunca leran textos en galego. Algúns destes lectores (quizais bastantes) eran, sinceramente, católicos. Así pois, a Igrexa Católica, sen querelo, foi decisiva na forxa do primeiro gran éxito editorial da poesía galega: un libro de poemas en idioma galego esgotábase en quince días (segundo fontes fiables). Viría, pouco despois, o proceso civil contra Curros, responsable, en moi boa parte, de novos éxitos do libro: segunda edición en 1881, e terceira en 1886. Nunca tal acontecera cun libro de poemas escrito en galego, e tardaría en acontecer varias décadas. (Quizais haxa que chegar a *Longa noite de pedra*, ¡ de 1962 !).

Sabido é que Curros inclúe, na segunda edición de *Aires*, de 1881, *el texto de la excomunióon contra el libro, por el obispo de Orense;/ da defensa del autor y su obra por D. Juan M. Paz y Novoa/ ante el juzgado inferior;/ la sentencia condenatoria de éste; / la defensa en apelación de D. Luciano Puga Blanco/ ante la audiencia de la Coruña, / y el fallo absolutorio de esta, y adornada/con el retrato del autor.*

Son os textos que reproduce a terceira edición, de 1886, a última feita en vida do autor, e algunhas posteriores a 1908. Cóntame que eses textos foron lidos, moitas veces, co mesmo interese cós poemas. Sei de varios casos, un memorable, que xa referín noutra ocasión:

Temos datos de que algúns lectores, sobre todo das clases populares, gardaban, como se dun tesouro se tratase, *Aires da miña terra*, tanto polos versos do poeta como pola prosa dos avogados que defenderon, en Ourense e n'A Coruña, ó escritor fustigado. Conta Antón Santamarina que este era o caso, na aldea fonsagrada de San Martiño de Suarna, de seu pai, Benjamín Santamarina Becerra, e dalgúns veciños seus nos primeiros anos do

franquismo (2)

Xa é significativo que a casa editorial Librería de los Sucesores de Hernando (Madrid) exclúa os textos do Proceso na súa edición de 1943 (en pleno franquismo).

Convén recordar que, na Audiencia de Ourense, o xuíz Manuel Mella Montenegro condenou ó autor de *Aires da miña terra* “a la pena de dos años, cuatro meses y un día de prisión correccional, y multa de 250 pesetas, con la accesoria de suspensión de todo cargo y derecho de sufragio durante la condena, y las costas...” (4 de agosto de 1880).

Curros Enríquez, na Audiencia d’A Coruña, foi absolto por un tribunal do que era ponente o maxistrado Mariano Valcayo de Coro (11 de marzo de 1881).

Tres foron os poemas máis problemáticos: “*A igrexa fría*”, “*Pelegrino a Roma*” e “*Mirando ó chan*” especialmente este, se temos en conta que é o único que se cita nos considerandos do xuíz Mella. É no 4º onde afirma: *expuso en... “mirando ao chan”...conceptos y frases que inducen al desprecio y mofa del Supremo Ser y del Sumo Pontífice*. Curros será condenado polo que a sentenza establece no seu primeiro considerando:

*Considerando que comete el delito contra el libre ejercicio de los cultos, previsto en el párrafo 3º del art. 240 del Código Penal vigente el que escarneciere, mofare o burlare, publicamente, alguno de los dogmas o ceremonias de cualquier religión que tenga prosélitos en España.*

Naquel estado máis ou menos teocrático incluso era delito cuestionar os dogmas, é dicir, as crenzas ás que non se chega pola vía do raciocinio.

Pero ¿eran tan “delitivos” os versos de *Mirando ó chan*?

Vexamos algúns:

Dios, non atopando  
cousa en qué entreterse,  
farto de estar solo  
cavilando sempre  
en forxar cadeas  
traballos e pestes;



Curros Enríquez nunha escultura de Asorey

a razón buscando  
i a causa en que pende  
que tan poucas almas  
polas portas lle entren,  
do seu paradiso  
deixando os verxeles,  
saleu de a paseo  
certa mañá quente,  
do reuma e da gota  
por espaxarse.  
Como é xa velliño  
i o coitado vese  
tocante a saúde  
moi pouco valente,  
cansouse ós dous pasos;  
mais como alí a rentes  
topase un asento,  
sentouse, i alegre,  
por cima das nubes  
asomando a fronte  
i a terra buscando  
cos ollos celestes,  
-¡Caráspeta!-dixo  
falando entre dentes;  
Si dou co ese mundo,  
que o demo me leve.

O inicio, certamente, é grave, moi grave. Non é grave que o poeta presente a Deus como vello e reumático, en calquera caso unha imaxe pouco edificante; o extraordinariamente grave é que o Ser Supremo teña, como ocupación fundamental, a de “forxar cadeas,/ traballos e pestes”. Sabíao ben o defensor ourensán de Curros, o señor Paz Novoa, que argumenta deste xeito:

*Se dijo fuera de aquí que el Sr. Curros Enríquez escarnece en la poesía Mirand’o chau el santo nombre de Dios. Protestamos respetuosa, pero enérgicamente, contra tamaña acusación. Lo que el Sr. Curros Enríquez satiriza es el falso concepto que de Dios tiene formado el vulgo de las gentes. Dios no forja cadenas ni pestes, porque no es lógico pensar esto de la bondad infinita; no es mozo ni viejo, porque es Eterno; no está sujeto á enfermedad alguna, condición propia y privativa de la criatura; pero la imaginación popular, y aún el arte, no le representan anciano, y la superstición, que continua usurpando el lugar de la fe racional, le quiere convertir en instrumento de los más innobles deseos. A Dios invocaban los que desgarraban las entrañas de la patria, fomentando y sosteniendo la*

*guerra civil; a Dios los que en aquellos aciagos días mataban al mantenedor de las leyes e incendiaban los campos y saqueaban los pueblos; a Dios invoca el logrero para que non conceda a los hombres el pan de cada día, el litigante de mala fe, interesado en aniquilar al adversario, hasta el jugador de la lotería para que le quepa en suerte un buen premio. ¿No es esto lo ordinario, y lo vulgar, y lo corriente?*

Segundo o avogado defensor, non pertence á condición divina a de “forxar cadeas...e pestes” incompatible coa súa “bondad infinita”; o que acontece é que moitos católicos atribúen a Deus estas características, e a ese Deus invocan en ocasión en que demandan o exterminio doutras seres humanos, como aconteceu na “guerra civil” no tempo dos carlistas (ese foi o Deus invocado por unha boa parte da dereita española na “guerra civil” de 1936).

Hai outros versos que a Audiencia de Ourense tivo moi en conta para condenar a Curros, especialmente os relativos ó Papa:

Debeu de atopalo,  
si o conto non mente,  
porque el de alí a pouco  
quedou como a neve,  
cos ollos cravados  
que espantan e feren,  
nun vulto que ñoro  
si é de home ou de verme.  
Mirouno dispacio  
e viu que era un ventre  
coas sedas vestido  
máis ricas de Oriente.  
Nun solio sentado  
que envidian os reises,  
i en capa revoltó  
de tépedas peles,  
ceibando saudabres  
arrotos de enchente,  
da terra, súa escrava,  
recolle os presentes;  
e si hai algún louco  
que, probe ou rebelde,  
diñeiro non teña  
i a darllo se negue,  
o ventre que, mudo,  
falar sabe ás veces,  
con sólo que diga:  
“ ¡ Pauliña no herexe ! ”  
o herexe é borrado



# FUNDACIÓN CURROS ENRÍQUEZ

CENTENARIO 1908-2008

da lista da xente.  
Mirando este monstro,  
Dios dixo entre dentes:  
-¡Bah, bah!....Si “tu es Petrus”,  
que o demo me leve.

Lembre o lector que na sentenza condenatoria de 1880 o considerando 4º non só fai referencias a “conceptos y frases que inducen al desprecio y mofa del Ser Supremo” senón tamén “del Sumo Pontífice” (3)

Hai tempo que penso que os versos máis comprometedores para Curros eran os primeiros de *Mirando ó chan* (Deus como forxador de “cadeas, traballos e pestes”), e así o debeu entender o avogado defensor na Audiencia da Coruña (1881), don Luciano Puga, que fai un esforzo interpretativo deses versos no que os críticos, estrañamente, non teñen reparado.

No seu alegato, achega ó Tribunal a tradución castelá do poema, unha tradución en verso que “aunque pálida y descolorida, interpreta siquiera fielmente, el pensamiento del poeta mientras que la traducción literal que obra en autos, y que la Sala ha oído de labios del relator, por lo mismo, que es literal, desnaturalizando el pensamiento y violentando el sentido que Curros Enríquez ha querido dar a sus versos...”

O avogado coruñés é moi consciente de que unha tradución “literal” pode prexudicar a Curros, e mesmo sospeita que esa tradución “que obra en

autos”, ben pode ser “que con ella se haya querido tender una red infame a nuestro defendido”. Convencido o letrado defensor de que esa tradución “es digna, cuando menos de que se la olvide”, achega unha non literal na que se esforza –precisa- en interpretar “fielmente el pensamiento del poeta”.

Versos hai nos que a versión é unha manipulación do orixinal:

farto de estar solo	y harto de estar solo
cavilando sempre	cavilando siempre
en forxar cadeas	en forjar castigos
traballos e pestes	que al réprobo enfrenen

En realidade, a versión, lonxe de ser a dun filólogo empeñado en transmitir o pensamento do poeta, é a dun avogado defensor obstinado en ofrecer unha imaxe de Deus moi pouco negativa, case ortodoxa, tan distinta da que transmiten os versos orixinais. Repare o lector noutras eufemizacións, ningunha tan manipuladora como a destes catro versos, de feito os máis problemáticos para Curros.

Os xuíces da Audiencia da Coruña admitiron como correcta a tradución de Luciano Puga? Non o sabemos, pero, admitíranos ou non, eses xuíces, de talante máis liberal, estaban dispostos a “absolver y absolvemos a Don Manuel Curros Enríquez...”

Aínda hoxe persoas letradas pensan que Curros era un home alleo a calquera sentimento relixioso. Na

época xa se sabía que Curros, tan hostil á sociedade clerical, tan iconoclasta, era home relixioso. Sabíano os seus defensores, que nos seus alegatos profíren palabras como estas: “espíritu eminentemente relixioso (Paz Novoa), “sus sentimientos eminentemente relixiosos” (L. Puga).

Era de tal forza política e literaria a sátira anticlerical de Curros Enríquez que moitos lectores da época chegaron a pensar que eran os versos dun home alleo a toda dimensión relixiosa. Algúns co tempo, convencéronse de que non era así. Hai textos de Curros moi claros verbo desta cuestión, especialmente o artigo *El símbolo* de 1895, páxina ilustre do seu labor de periodista. Nese artigo manifesta a súa crenza en Xesús, como home e como Deus:

*Tal era Jesús a la luz de la Historia: el mártir del amor a su patria, que resulta mártir de la causa de la Humanidad por el interés que esta puso en acogerse a las promesas de unha redención que aquel iba a sellar con su propia sangre* (4).

Nin esta manifestación nin outras –reveladoras da súa relixiosidade– impiden que denuncie os “pecados” da Igrexa, pecados que para un crente sincero son, sempre, especialmente penosos. Cómpre lembrar aquí que Curros, o Curros denunciado e perseguido en 1890 pola autoridade eclesiástica, non domeou o espiñazo despois do Proceso. Xenio e figura ata a sepultura (ese era o seu carácter) cando, en 1891 redita *Aires da miña terra*, non só non omite ningún dos poemas litixiosos senón que engade, entre os seis da nova colección o soneto *Diante unha imaxe de Íñigo de Loyola* que finaliza con estes tercetos:

*Mais, ¿que fas nese altar roubando preces, / xenio da intolerancia soberano, / ti que tan sólo maldiciós mereces?*

*¿Tí, que trocache a Cristo nun tirano, / ós saíós i os verdugos en xueces, / i en fouce a Dios do pensamento humano?*

Na terceira edición, de 1886, engade nove poemas boa parte dos cales cuestionan o comportamento eclesiástico. Hai máis. O seu segundo libro en galego, e último, *O divino sainete*, de 1888, é un e alegato inmisericorde contra o poder temporal da Igrexa Católica e contra o papa León XIII, rexouba

non igualada por ninguén na utilización de recursos ridiculizadores, todos de extraordinario talento expresivo. Neste *sainete*, mistura xenial da *Divina Comedia* e da *Batracomiomaquia*, Curros está tan “convicente” que o papa León XIII renuncia ós seus inmensos bens, que pensa destinar ós pobres:

Ide e anunciade  
que o Papa renuncia a Roma  
pra vivir da caridade.

Dende hoxe a miña facenda,  
todo o que eu teño é dos probes;  
que as nacións poñan en venda  
canto for meu; ¡desto en pago  
non quero máis, se ma dades,  
que unha coviña en Santiago!.

Pero *O divino sainete*, que non está alleo ás musas da retrans, finaliza, poucos versos despois, con esta tríade:

I eu, do que vin parvo e mudo  
Dende entón creo...ou non creo...pero dudar, ¡xa non dudo!

León XIII é o papa que promulga en 1891 –tres anos despois d’*O divino sainete*– a encíclica *Rerum Novarum* que, sen cuestionar en nada o capitalismo, propón fórmulas un tanto socializantes e obreiristas.

É curioso: Curros Enríquez, o Curros que, n’*O divino sainete*, fixo abdicar ó Papa das súas riquezas, amósase, nun artigo, partidario do “socialismo” dese Papa: do “socialismocristiano” estilo León XIII (5). Co gallo da súa morte o periodista Curros Enríquez dedicoulle gabanzas non insinceras (6)

Aquí as cousas, un preguntábase: chegou León XIII a ter noticia d’*O divino sainete*? (ignoramos se foi reseñado no órgano do Vaticano L’*Obsservatore Romano*)

## 2.- Poeta civil, extraordinario poeta civil

Curros Enríquez é un cidadán que escribe poemas sempre (case sempre) desde a súa condición de cidadán. Como musa cívica é un acontecemento extraordinario na poesía española do século XIX: ningunha máis dotada para denunciar e xostregar eivas sociais e, ó mesmo tempo, para com-padece-er ós



que sufren a historia e alentalos. Poeta civil moralmente auténtico, expresar esta autenticidade foi sempre nel unha necesidade, e , ó facelo, abrollaba, xeneroso, o seu talento de poeta. Nos seus mellores poemas cívicos a espada moral está afiada na pedra do seu talento poético; os seus mellores poemas, lonxe do panfleto social ou político, son canción, é dicir, canción e espada; mellor aínda, a espada na canción. Esa é a razón pola que se len hoxe, con fruición, moitos dos seus versos aínda que teñan desaparecido algunhas das realidades que os provocaron, como o foro e o superlativo medievalismo da Igrexa. Quizais non haxa en Europa do XIX unha musa civil tan conscientemente comprometida, tan sostida e de tanta calidade, e penso, ó facer esta afirmación, entre outras, no húngaro Sandor Petöfi, no rumano Mihail Eminescu, no ucraíno Carass Xevtxentko, no suízo Gottfried Keller e nos portugueses Antero de Quental e Guerra Junqueiro.

### 3.- Poesía e exilio(s)

O poeta civil Curros Enríquez tamén escribiu poemas sobre e en defensa deste tipo de poesía, o que proba, unha vez máis, o seu compromiso con esta maneira de entender o oficio de poeta en tempos de menesterosidade. Así se definía el mesmo en 1904 no poema *Ao pobo cruñés*

E... ¿quen son eu? Un poeta,  
ou, como quen di, un paxaro  
a quen tallaron o bico  
cando empezaba o seu canto;  
e que, dende aquela, mudo,  
dos patrios eidos xotado,  
por longas terras e mares  
arrastra as áas sangrando.  
(...)

Son versos lidos na Coruña o 21 de outubro de 1904 no acto solemne, da súa coroación como poeta. O Curros coroado terá que retornar á Habana dous días despois. Alí residiu desde 1894 e alí falecerá en 1908. Por razóns políticas (en Curros, sempre estritamente éticas) está enfrontado ao Centro Galego da capital cubana, razón pola cal, xa moi enfermo, ingresa na quinta da saúde “Covadonga”, do centro asturiano (non quixo acollerse ós coidados do Centro Galego). Morre, pois, nun dobre exilio: lonxe da patria e non asistido polos seus.

Vivir no exilio- fóra e “dentro” da patria- ten sido o destino de tantos e tantos escritores que nunca “arrolaron o sono vil dos tiranos”: os escritores cuxa pluma “despertaba ós pobos” con reclamos que “agoiraban auroras novas” auroras, por certo, que aínda non “alborexaban” na Galicia de 1904 (Curros o homenaxeado, fixo un esforzo, nel moi grande, e escribiu para os homenaxeadores este verso optimista).

En tempos como os de hoxe (malos tempos para a lírica... civil) reler a Curros é un exercicio gratificante e incitador. Versos como os de Curros Enríquez proban elocuentemente que existe o escritor que, polo feito de denunciar a contaminación moral e política, non desvirtúa nin contamina a súa palabra de poeta.

(1) Remedios ilustrado, Habana, maio (?), 1906.

(2) Vx. o meu libro Curros Enríquez no franquismo (1936-1971), Santa Comba, TresCtres, 2003, p.40.

(3) Está por estudar a musa antipapal dos poetas hispanos da época. Repárese neste soneto escrito por Rubén Darío ós quince anos, en 1882:

Al Papa  
No vayas al altar, *Santo* Tirano  
Que profanas de Dios la eterna idea:  
Aún la sangre caliente roja humea  
En tu estola, en tu cáliz y en tu mano.

La sacra luz del pensamiento humano  
Ahora ante tu frente centellea:  
Proclamas tu poder ¡maldito sea!  
Pues es tu bendición augurio insano.

La Basílica cruje en conmociones  
Y se enciende la luz de los ciriales;  
Tú cantas los *oremus* y oraciones

Y te besan el pie los Cardenales.  
¡Oh! no ensucies al Cristo entre tu cieno.  
No escupas en el rostro al Nazareno

León, junio de 1882

[Poesías desconocidas completas (ed. de José Jirón et al.). Alicante, Altea, 1994, p. 37]

(4) La Tierra Gallega, Habana, nº 65, 14-4-1895.

(5) Horas de ocio, 1905 en Obras escogidas, Madrid, Aguilar, 1956, p. 960.

(6) Sobre “Curros, León XIII e o socialismo”, vx. o prólogo da miña ed. d’O divino saineite, Ediciós do Castro, 1965, pp. 17-18.